

Cornelsen, Elcio e Tom Burns (coords.). 2015.
Literatura e guerra. Belo Horizonte: Editora UFMG.
340 pp.
ISBN: 978-85-7041-769-5

Dende os comezos da literatura, algunhas das grandes obras narrativas, poéticas ou teatrais teñen como tema principal as guerras ou o contexto no que se encadran as historias que narran está marcado por algún conflito bélico, especialmente polas dúas grandes guerras que marcaron o século XX: a Primeira e a Segunda Guerra Mundial. Son moitos os autores que nalgún momento das súas vidas reflexionaron sobre este tipo de conflitos, as súas motivacións e consecuencias, e que posteriormente reflectiron os seus pensamentos nalgunha obra literaria. O forte vínculo entre a literatura e a guerra pode explicarse por diversos motivos, pero fundamentalmente polo feito de que as creacións artísticas tenden a estar marcadas por todo aquilo que rodea o seu autor.

Elcio Cornelsen e Tom Burns foron os encargados da organización desta colectánea, publicada no ano 2015, que reúne doce traballos cuxo eixe central é a relación entre a literatura e a guerra. Os artigos recollidos nesta primeira publicación conxunta no Brasil que trata esta temática están escritos por investigadores cunha recoñecida produción vinculada a esta materia e pertencentes a diferentes ámbitos dentro da área humanística –como poden ser a Teoría da Literatura, a Literatura Brasileira ou a Historia–, feito que lle outorga a esta colectánea unha perspectiva multidisciplinar e que constitúe unha das súas características máis salientables. Outro aspecto a destacar é a estrutura que presenta, dividida en tres seccións segundo as cuestións que se estudan nos doce artigos: “Guerra, literatura e contexto histórico”, “Guerra,

literatura e política” e “Guerra, literatura e mito”. Porén, a pesar de que o reparto das achegas en distintas seccións é algo positivo, a súa distribución non é harmónica, xa que o número de traballos recollidos baixo a primeira epígrafe dobra aos recollidos nas outras dúas seccións.

O volume ábrese cunha introdución na que Cornelsen e Burns explican brevemente o contido do libro e expresan o desexo de que este sexa o primeiro paso para a creación dun Núcleo de Estudos sobre Literatura e Guerra na Facultade de Letras da UFMG. Tras este apartado comeza a primeira sección, “Guerra, literatura e contexto histórico”, composta por seis artigos que tratan a relación entre a guerra e a literatura facendo especial fincapé na importancia do contexto histórico para a lectura das obras e a análise da postura dos escritores ante as guerras. Neste sentido resulta interesante o artigo no que Jaime Ginzburg analiza tres contos de Guimarães Rosa –“O mau humor de Wotan”, “A senhora dos segredos” e “A velha” (en *Ave, palavra*, Nova Fronteira, 1985)– ambientados na Alemaña nazi e somerxidos nun contexto histórico totalitarista que condiciona o comportamento das personaxes femininas. Ginzburg estuda estes tres textos tendo en conta a observación de Paulo Soethe segundo a cal neles pode haber unha compoñente autobiográfica, o que os situaría nun punto híbrido no que a historia se cruzaría coa literatura e a biografía coa ficción. A continuación, en “Cenas literárias da Primeira Guerra Mundial: Ernst Jünger e Erich Maria Remarque”, Cornelsen estuda dous textos escritos por combatentes da Primeira Guerra Mundial e mostra que na narrativa sobre esta temática non hai unha visión da guerra uniforme, senón que esta está moi ligada ás vivencias do autor.

En “Poesía de vanguardia e guerra moderna”, Murilo Marcondes de Moura traballa sobre os poemas de guerra escritos por Guillaume Apollinaire e sinala que a polémica creada ao redor da súa produción literaria, cuxo cuestionamento non deixou de aumentar ao longo do pasado século, se debe a que, a partir da súa experiencia como soldado na fronte, problematiza nela os dous modos de ver a relación entre a arte moderna e a Primeira Guerra Mundial: a tendencia que argumenta que as dúas esferas representan manifestacións da mesma crise e que, polo tanto, busca asocialas, e a tendencia que sostén que a arte moderna está caracterizada polo desligamento da guerra e de calquera referencia inmediata; é dicir, escribe ao mesmo tempo unha poesía que se concentra nos seus propios principios e que é completamente receptiva aos acontecementos históricos. Na seguinte achega, Luiz Nazario

fai unha defensa da actuación e do compromiso político de Jean-Paul Sartre durante a Segunda Guerra Mundial a través dunha lectura histórica da súa obra. Nazario sinala que a miúdo os seus textos foron interpretados de maneira literal, cando en realidade tiñan unha dimensión teórica difícil para as persoas que non están familiarizadas coa filosofía existencialista.

Tom Burns analiza nos textos de escritores en lingua inglesa galardoados co Premio Nobel de Literatura a representación dos dous eventos históricos que marcaron o século XX e resalta que, malia ser aparentemente material de moito interese para os grandes autores, as dúas grandes guerras non sempre foron tratadas de xeito profundo por parte dos escritores que conseguiron este premio. Pola súa banda, John Clark Pratt aborda en “Yossarian: *Catch-22* e a Guerra do Vietnã” a novela satírica *Catch-22*, de Joseph Heller, que trata sobre o final da Segunda Guerra Mundial, buscando demostrar a súa transformación nun modelo literario para varias novelas relacionadas coa Guerra de Vietnam, moitas delas con ecos e referencias á citada novela de Heller, entre as que destacan nove novelas: *Ears of the Jungle*, de Pierre Boule; *Gangland*, de David Winn; *Brandywine’s War*, de Robert Vaughan e Monroe Lynch; *Bridge Fall Down*, de Nicholas Rinaldi; *The Land of a Million Elephants*, de Asa Baber; *Parthian Shot*, de Lloyd Little; *Incident at Muac Wa*, de Daniel Ford; *The Only War We’ve Got*, de Derek Maitland e *The Bamboo Bed*, de William Eastlake.

Na segunda sección, “Guerra, literatura e política”, recóllense tres artigos que poñen de relevo a importancia dos aspectos políticos na representación das guerras na literatura. No primeiro deles, titulado “A batalla de Kosovo Polje na literatura de Ismail Kadaré, ou quem reivindica a verdade histórica?”, Leonardo Francisco Soares mostra que no proceso de construción da identidade nacional a escrita da historia pode ser manipulada e falsificada dado o seu carácter político. A continuación, en “Leituras da Guerra Civil Española no Teatro actual: Díaz e Sinisterra”, Sara Rojo estuda as composicións teatrais de dous dramaturgos españois contemporáneos ambientadas na Guerra Civil e conclúe que a sátira é un medio que se pode empregar contra os réximes totalitarios, sobre todo dende unha visión da guerra distanciada no tempo. Por último, pechando a sección, Graciela Ravetti analiza dúas novelas de escritores arxentinos –*Glosa* (Seix Barral, 2003), de Juan José Saer, e *Mascaró, o caçador americano* (Editorial Nueva Imagen, 1984), de Haroldo Conti– en relación coa representación das guerras de guerrillas latinoamericanas.

Na derradeira sección, “Guerra, literatura e mito”, ofrécense tres artigos que estudan a relación entre os conflitos bélicos e a construción mítica das guerras e dos heroes, e que propoñen lecturas actuais de textos antigos para, por exemplo, mostrar cambios conceptuais ou presentar cuestións relacionadas coa actualización dos mitos. Nesta liña, Carlos Gohn contrapón na súa achega as lecturas do *Bhagavad-Gita* que fan Gandhi e Sri Aurobindo coa proposta por J. Robert Oppenheimer –científico que dirixiu o proxecto de construción da primeira bomba atómica–, facendo evidente a existencia de dúas tradicións interpretativas para este texto: a que o ve como un texto literario e a que o toma como formador dun código de comportamento ante a guerra. En “Combatentes, mas sob neblina”, Elisa Amorim Vieira e Tereza Virginia Ribeiro Barbosa achéganse á Batalla de Salamina vista por escritores clásicos –Esquilo, Heródoto e Hesíodo– e modernos –Javier Cercas, en *Soldados de Salamina* (Tusquets Editores, 2001) e Georges Orwell, en *Homage to Catalonia* (Penguin UK, 2003)–, que lle dan á batalla un carácter simbólico que pode variar segundo a perspectiva que adopte o autor. Por último, Luiz Gustavo Leitão Vieira analiza a figura do heroe en “O anonimato do herói: Aquiles e o Soldado Desconhecido na narrativa de guerra”, traballo no que afirma que os heroes de guerra pasaron de ser coñecidos e celebrados, como no caso de Aquiles na *Ilíada*, a ser substituídos pola figura do “Soldado Desconhecido” tras a Primeira Guerra Mundial.

Finalmente, cómpre destacar como aspectos destacables desta colectánea a variedade de aspectos que se tratan nela, o estudo de diferentes guerras (as dúas guerras mundiais, a Guerra Civil de España, a batalla de Kosovo Polje etc...), e a calidade e profundidade dos traballos que recolle. Neles móstrase que a literatura, en calquera dos seus xéneros, e os enfrontamentos bélicos están fortemente ligados, sendo un tema moi presente nas producións literarias, e próbase que a representación das diferentes guerras varía en función da postura adoptada polos autores a respecto dese enfrontamento.

Irene Freire Casal